



O IPC

O Índice de Prezos do Consumo (IPC) é un dos indicadores económicos máis en boca dos cidadáns. Ao mellor é debido a que moitas decisións, gobernamentais ou non, en materia de subidas salariais, son tomadas en función da evolución deste indicador, pois representa a evolución dos prezos no noso país.

Unha das utilidades do IPC, encóntrase na de ser tomado como referencia á hora de elaborar os presupostos do Estado, aínda que a evolución do IPC é tomada como referencia para outras moitas cousas.

¿QUE É?

Oficialmente o IPC coñécese co nome de Índice de Prezos do Consumo Familiar.

O obxectivo destes índices é o de proporcionar unha información acerca da evolución dos prezos dos produtos que unha familia necesita para desenvolver unha vida normal. Trátase do estudo da evolución dos gastos dunha familia media ou representativa do País.

As ponderacións do índice baséanse en información procedente dos estudos por parte do goberno sobre o gasto familiar e o seu encarecemento. A aqueles bens que representan maiores proporcións de gasto (alimentación, vivenda) otorgáranse-lles ponderacións máis significativas no índice.

O índice é utilizado para cuantificar a inflación, e serve de referencia nas

negociacións salariais, na revisión dos contratos de arrendamentos inmobiliarios, na fixación das pensións, etc.

¿COMO FUNCIONA?

As fases nas que poderíamos dividir o proceso de confección dos índices son:

➤ **Definición da familia media:** calcular o termo medio dos datos do conxunto de todas as familias, cun cabeza de familia considerado como persoa activa e con ingresos superiores ao salario mínimo.

➤ **Determinación do seu nivel de consumo:** consiste en averiguar os bens e servizos que consomen e en que cantidade.

A masa total dos bens e servizos utilizados polo estrato de referencia, dividida polo total das familias de mostra, dános o termo medio do nivel de consumo da familia media.

➤ **Clasificación dos artigos:**

Os innumerables artigos ou servizos que pode consumir ou utilizar unha familia clasifícanse para o cálculo dos índices do custo de vida en doce grupos: alimentos e bebidas non alcohólicas, bebidas alcohólicas e tabaco, vestido e calzado, vivenda, menaxe, medicina, transporte, comunicacións, ocio e cultura, ensinanza, hoteis, cafés e restaurantes e e outros bens e servizos.

➤ **Cálculos dos prezos:** para obter o prezo dun determinado artigo nun mes concreto, calcúlase a media dos diferentes prezos que puido ter ao longo do mes. Cos prezos das diferentes zonas calcúlase o prezo medio ponderado, utilizando como peso a poboación das zonas.

➤ **Cálculo de "pesos":** supoñendo que coñecemos xa os prezos nun período de referencia e os prezos noutro momento calquera, poderíamos calcular o índice conxunto simple calculando o termo medio dos índices elementais que saen de dividir cada prezo no período actual polo prezo no período de referencia e multiplícalo por cen.

Cálculo de índice: para calcular os índices utilízase a fórmula de Laspeyres.

Evolución anual do IPC, base 2001
Xeral e subxacente

